LIGA GALEGA DE PROMOCIÓN

Normativa de competición

MODALIDADE DE KATA

IMPORTANTE: Na competición da Liga Galega de Promoción, os competidores sairán en grupos de dous a realizar o seu kata, seguindo a orde que indica o listado de competición de cada volta de puntuación. Este sistema de kata dúo ten como obxectivo garantir que todos os competidores realicen un mínimo de dous katas e que ao mesmo tempo a duración da competición sexa viable desde o punto de vista organizativo.

PROCEDEMENTO: Como indicamos, todos os deportistas realizarán dúas voltas de clasificación por puntos. Á esquerda da mesa de anotación situarase o deportista que figure en primeiro lugar no listado de competición, á dereita da mesa de anotación situarase o outro deportista (nas pezas de tapiz de color vermello). Os deportistas saudarán e anunciarán o kata, iniciarán o seu exercicio tras o asubío do árbitro. Tras a finalización dos exercicios presentados, os árbitros puntuarán a cada un dos competidores, orientando as paletas de puntuación cara o deportista que se puntúe en cada momento. **Cada deportista recibirá tres notas, ningunha será eliminada**. A orde de saída dos competidores na segunda volta, será en orden inverso á puntuación obtida na primeira volta.

- Categorías cun único grupo (ata 15 deportistas): naquelas categorías cun único grupo, o podium virá determinado pola suma total de puntos obtidos tras as dúas voltas.
- Categorías con dous grupos (16 a 32 deportistas): naquelas categorías divididas en dous grupos, os deportistas mellor clasificados de cada grupo tras a realización das dúas voltas, disputarán a final, que se arbitrará por bandeiras.
- Categorías con catro grupos (33 a 64 deportistas): naquelas categorías divididas en catro grupos, os deportistas mellor clasificados de cada grupo tras a realización das dúas voltas, disputarán as semifinais e a final, que se arbitrarán por bandeiras.

En caso de empate tras a primeira volta de clasificación, observaranse os seguintes criterios de desempate (analizados nesta orde e sen posibilidade de volver atrás unha vez observado cada un dos criterios de desempate)

1. Mínima máis alta.
2. Máxima máis alta.
3. De persistir o empate, o programa de competición asignará unha orde aleatoria.

En caso de empate tras as dúas voltas de clasificación, observaranse os seguintes criterios de desempate (analizados nesta orde e sen posibilidade de volver atrás unha vez observado cada un dos criterios de desempate)

1. Sumatorio das mínimas.
2. Sumatorio das máximas
3. De persistir o empate, o programa de competición asignará unha orde aleatoria.

Os katas a realizar serán os recollidos na lista oficial de katas infantil/xuvenil. Ao tratarse dun campionato de promoción o regulamento contempla as seguintes modificacións:

PRE-BENXAMÍN	- Realizarán kata básico. - Poderán repetir kata.
BENXAMÍN	- Realizarán kata básico. - Deberán alternar kata.
ALEVÍN	- Realizarán kata básico. - Deberán alternar kata.
INFANTIL	- Realizarán kata básico. - Deberán alternar kata.
XUVENIL	- Realizarán katas da lista oficial infantil e xuvenil. - Deberán alternar kata. - No caso de haber final poderase realizar un kata da lista oficial segundo as normas do Regulamento de Competición de Kata da WKF/RFEK para as categorías superiores.
PARA TODAS AS CATEGORÍAS	Ao tratarse dun campionato de promoción, permitirase que os deportistas que debido ao seu pouco tempo de práctica, só coñezan **Taikiokus ou Pinan/Heian Shodan**, poidan repetilo nas dúas voltas de clasificación. Tamén se poderá repetir en aquelas categorías que disputen semifinais e final.

MODALIDADE DE KUMITE

A competición desenvolverase baixo o sistema de eliminatoria directa con repesca. No caso de existir baixas durante a competición, a Dirección Técnica resérvase de dereito de modificar os sorteos. A revisión de vídeo estará unicamente dispoñible nas categorías de kumite avanzado. Unha vez perdida a opción da revisión de vídeo, tan so se recuperará nos encontros de medalla.

ACCESO

O acceso á instalación permitirase desde media hora antes do inicio da competición. Rogamos que abandonen a instalación todos aqueles deportistas que teñan rematado a súa competición.